

# O DÍA DOS MORTOS

George A. Romero, 1985

# 1190

ESTREA EN NUMAX: 31.10.2023 | V.O.S.E. | 102 min

Os zombies apoderáronse do planeta e o número de humanos redúcese a un por cada 400.000 mortos viventes. Un pequeno grupo de científicos e militares refúxiase nunha antiga instalación subterránea do goberno. Alí tentan contactar sen éxito con outros grupos de superviventes. No entanto, os doutores investigan a orixe do fenómeno e a súa posible cura, á vez que tenta domesticar un zombie que manteñen encadeado. A medida que o tempo pasa, as tensións entre os científicos e os soldados irán medrando dentro do grupo.

«Un dos mellor filmes de terror dos oitenta»

Kim Newman, EMPIRE



# O DÍA DOS MORTOS

George A. Romero, 1985

EUROPA  
CINEMA  
Creative Europe MEDIA

Entrevista con George A. Romero:  
«O filme é como unha ola a presión á que se lle pon a tapa»

Por James Blackford

**N'O día dos mortos aceptaches un orzamento máis baixo para poder engadir máis sangue. O gore tende a empregarse con fins comerciais pero ti reduciches as posibilidades de explotación do filme con tanto sangue. De onde veu ese desexo?**

Pensei que o precisaba. Se cadra foi un erro, pero sentín que era como unha labazada. Foi un recordatorio en plan "a ver se tomades isto un chisco máis en serio". E estaba a pensar conscientemente no M.A.S.H. (1970) de Robert Altman. Sabes cando estás a rir a esgalla durante 90 minutos e logo entras no quirófano e todo se tingue de vermello. Quería causar este tipo de efecto. Tampouco quero levalo a un extremo pero é certo que é unha caste de sinatura persoal.

**O día dos mortos é un filme moi sombrío, todas estas persoas nun espazo subterráneo non se levan ben. Trátase da ruptura total da comunicación. Exacto, é como unha ola a presión á que, literalmente, se lle pon a tapa. Esa era a intención. A idea de que o exército podería ter causado potencialmente o fenómeno tamén está aí. É dicir, non o sabemos. Podería ser cousas do vodú, un castigo divino.... Nunca quixen que fose un satélite de volta [risas]**

O caso é que tiñamos algunhas explicacións máis das que damos n'*A noite dos mortos viventes* (1968) e simplemente cortámolas porque o distribuidor non quería que pasase dos 90 minutos. Había que recortar seis minutos así que eliminamos os noticiarios porque xa había de abondo. E aí era onde se daban a meirande parte da explicacións.

Publicado en [bfi.org.uk](http://bfi.org.uk)

Entrevista con Jim Jarmusch:  
«Os xéneros son marcos nos que cada autor pinta o seu propio cadro»

Por Hillary Weston

**Cando soubeches do cinema de Romero? Non é alguén que cites habitualmente pero parece obvio que tivo certo impacto en ti.** Vin *A noite dos mortos viventes* (1968) a comezos dos setenta, non cando se estreou pero si algo despois. Axiña se convertera nun filme de culto e vino varias veces, o que me levou a seguir con atención as estreas de *Dawn of the Dead* (1978) e *O día dos mortos* (1985) a outros filmes como *Martin* (1977) ou *The Crazies* (1973). Aínda que son un cinéfilo non son moi afeccionado ao xénero de terror pero no caso de Romero claro que son un grande admirador. Normalmente falo doutros cineastas como Melville, Tarkovsky ou Fuller pero tamén me gustan os cineastas que fan uso dos xéneros. Para min son como marcos nos que cadaquén pode pintar dentro do seu propio cadro.

**Que ensinanzas colles de Romero no uso das metáforas sociais?** Calquera filme é un reflexo da sociedade e a min gústame convidar á reflexión coas miñas películas, igual que facía Romero. Tomemos como exemplo *Dawn of the Dead* na que a protagonista feminina non acepta adoptar unha posición subordinada, ou *O día dos mortos* no que unha científica é o personaxe máis forte da película ou, por suposto, *A noite dos mortos viventes*, no que o personaxe negro é o único capaz de razoar e está marxinado polo racismo inherente aos EEUU. O final irónico e trágico é que o matan as autoridades pensando que é un demo cando en realidade é un supervivente.

Publicado en [criterion.com](http://criterion.com)  
Textos traducidos do inglés.



Na librería  
NUMAX  
[numax.org/librería](http://numax.org/librería)

*La noche de los muertos vivientes*,  
George A. Romero.  
manga films [DVD]

*Mundo Zombi. El cine de muertos vivientes*,  
Ramón Monedero.  
Berenice, 2023

*Monster Show. Una historia cultural del horror*,  
David J. Skal.  
ES POP, 2023